

- c) As superficies de traballo manteranse en bo estado e renovaranse cando sexa necesario.
- d) As carretillas de gasóleo usaranse exclusivamente fóra do almacén
- e) Débense utilizar máquinas e ferramentas en bo estado, que sexan seguras e cos medios de protección adecuados (resgardos, dispositivos de seguridade, etc.). Ademais deben estar almacenadas nun lugar adecuado.

ANEXO III

Requisitos mínimos de control para os operadores

1. A produción deberá levarse a cabo en unidades de cultivo que estean claramente separadas de calquera outra unidade de cultivo na cal non se produza de acordo coas normas desta disposición. Durante os procesos de manipulación, envasado e etiquetaxe, os produtos deberán estar claramente separados dos obtidos por outros sistemas de produción.
2. O se inicia-la aplicación do réxime de control, o operador deberá:
 - a) Facer unha descrición completa da unidade de cultivo, das parcelas de produción e, se é o caso, as instalacións onde se efectúen determinadas operacións de manipulación, envasado e etiquetaxe.
 - b) Determinar tódalas medidas concretas que debe adoptar na súa unidade de cultivo e instalacións para garanti-lo cumprimento das disposicións desta disposición.
 - c) Documenta-la data en que por última vez se aplicasen nas parcelas de produción produtos dos que a utilización sexa incompatible co disposto nos protocolos ou nas normas técnicas específicas.
 - d) Asumi-lo compromiso do operador de realiza-las súas actividades de acordo co disposto nos protocolos ou nas normas técnicas específicas e de aceptar, en caso de infracción, a aplicación das medidas correctoras correspondentes.

O órgano ou entidade de control deberá comprobar na súa primeira inspección que o operador realizou todo o indicado neste punto.

3. Con anterioridade á data fixada pola autoridade competente, o operador deberá notificar anualmente ó órgano ou entidade de control correspondente o seu programa de actuación, detallándoo por parcela, se é o caso.

4. O operador deberá levar un rexistro mediante anotacións e documentos que permita ó órgano ou entidade de control localiza-la orixe, a natureza e as cantidades de tódalas materias primas adquiridas, así como coñece-la utilización que se fixo delas; deberá levarse, ademais, un rexistro da natureza, as cantidades e os destinatarios de tódolos produtos agrarios vendidos. As cantidades globalizaranse por día cando se trate de vendas directas ó consumidor final.

5. Nas visitas de inspección comprobarase que as materias primas e medios de produción almacenados polos operadores se corresponden cos permitidos en protocolos ou nas normas técnicas específicas.

6. Ademais das visitas de inspección sen previo aviso, o órgano ou entidade de control deberá efectuar, como mínimo unha vez ó ano, un control físico da unidade. De conformidade con esta disposición poderán tomarse mostras con vistas á busca de produtos non autorizados. En calquera caso, estas mostras deberán tomarse cando exista presunción de que se utilizase un produto non autorizado. Despois de cada visita deberá levantarse unha acta de inspección, que tamén será asinada, se é o caso, polo responsable técnico da explotación ou instalación controlada.

7. O operador deberá permitir ó órgano ou entidade de control o acceso ós locais de almacenamento e produción, para a inspección, e ás parcelas, así como ós rexistros e ós correspondentes xustificantes e facilitaralle á dita entidade toda a información necesaria para a inspección.

8. Os produtos vexetais só poderán transportarse a outras unidades do proceso, tanto maioristas como retalistas, en envases ou recipientes diferenciados que teñan un pechamento que impida a substitución do seu contido e que vaian provistos dunha etiqueta na que se mencionen, sen prexuízo de calquera outra indicación esixida legalmente:

- a) O nome e o enderezo da persoa responsable da produción do produto ou, en caso de mencionarse outro vendedor, unha indicación que permita á unidade receptora e ó órgano ou entidade de control desta, determinar de forma inequívoca quen é a persoa responsable da produción.
- b) O nome do produto e unha referencia ó sistema de produción.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

23341 *REAL DECRETO 1203/2002, do 20 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 825/1990, do 22 de xuño, sobre o dereito de representación, consulta e participación dos consumidores e usuarios a través das súas asociacións.* («BOE» 287, do 30-11-2002.)

A nosa Constitución recolle no seu artigo 51 os dereitos dos consumidores e usuarios, e establece que os poderes públicos deberán oír-las súas organizacións nas cuestións que lles poidan afectar. A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, desenvolve este dereito no seu artigo 22, precisando no seu punto 5 que o Goberno determinará a composición e funcións dun consello, como órgano de representación e consulta a nivel nacional, integrado por representantes de asociacións de consumidores.

En cumprimento deste mandato, o Real decreto 825/1990, do 22 de xuño, sobre dereito de representación, consulta e participación dos consumidores e usuarios a través das súas asociacións, configura o Consello de Consumidores e Usuarios (CCU), no capítulo II, posteriormente modificado polo Real decreto 2211/1995, do 28 de decembro.

Este dereito dos consumidores a seren oídos no proceso de decisións públicas que lles poidan afectar enmárcase hoxe nun contexto de gran relevancia política, ó constituír un medio excelente para promove-la participación cidadá e así reforza-la democracia mediante canles deliberantes. Neste sentido, o vixente Plan estratéxico de protección ó consumidor para o período 2002/2005, adoptado pola Conferencia Sectorial de Consumo, destaca o papel das organizacións de consumidores como interlocutores sociais especialmente cualificados. Así mesmo, a recente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, salienta a importancia que teñen as asociacións para a conservación da democracia, permitíndolles ós individuos facerse oír, exercer influencia e provocar cambios.

A dinámica observada polo Consello de Consumidores e Usuarios nestes anos propiciou unha nova con-

cepción da súa estrutura e funcionamento para que, sobre a base de considera-la presenza das diversas formas e características das organizacións nacionais que compoñen o panorama asociativo dos consumidores e usuarios, se leven a efecto as actuacións do Consello dunha forma máis áxil e eficaz, potenciando o seu papel de foro de encontro que posibilite un contraste das principais razóns, intereses e desexos do conxunto dos consumidores españois dunha parte, e nun instrumento eficiente para corrixi-las fortes asimetrías que encontran os consumidores no mercado, doutra, facilitando a toma de decisións dos poderes públicos.

A significativa redución, ata doce, do número de vocais que integran o Consello, xunto coa simplificación do seu proceso de constitución, dotándoo de carácter permanente mesmo cando o mandato dos seus membros estea suxeito a renovación cada catro anos, e a axilización dos mecanismos de selección e designación das asociacións máis representativas, coa racionalización da súa participación noutros órganos, organizacións e institucións, dotan o Consello de mellores posibilidades de actuación nas súas tarefas de órgano consultivo da Administración.

Así mesmo, a presidencia do Consello dos Consumidores recaerá nunha persoa de recoñecido prestixio no campo da defensa dos consumidores e usuarios. Por outra parte, e sobre a base da experiencia referida anteriormente, quixéronse elimina-los períodos transitorios entre mandatos, prorrogando estes ata a constitución do novo Consello entrante.

Con esta norma tamén se quixo optimiza-lo diálogo e a cooperación con outros órganos de igual natureza das comunidades autónomas e corporacións locais, a través da creación dun Comité de Asuntos Territoriais co obxectivo de intercambiar experiencias e axuntar esforzos na común tarefa de representación dos consumidores e usuarios, no marco das súas respectivas competencias. Así mesmo, prevese que nos órganos de traballo se convoquen representantes de colectivos vulnerables.

O Consello estará igualmente integrado por un Comité de Asuntos Europeos e Internacionais, para o tratamento dos temas relativos á política internacional de defensa dos consumidores.

A realización de congresos de asociacións de consumidores facilitará a cooperación e coordinación entre as asociacións de consumidores.

Por último, e de acordo cos criterios expresamente determinados nesta norma, levarase a cabo, mediante orde, a convocatoria pública para selecciona-las organizacións máis representativas no ámbito estatal.

Na tramitación desta disposición déuselles audiencia ás comunidades autónomas e ó Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, coa previa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 825/1990, do 22 de xuño.*

Modifícase o capítulo II «Do Consello de Consumidores e Usuarios», do Real decreto 825/1990, do 22 de xuño, sobre o dereito de representación, consulta

e participación dos consumidores e usuarios a través das súas asociacións, que queda redactado nos termos seguintes:

«CAPÍTULO II

Do Consello de Consumidores e Usuarios

Artigo 5.

1. O Consello de Consumidores e Usuarios é o órgano de representación e consulta de ámbito nacional dos consumidores e usuarios.

2. O Consello de Consumidores e Usuarios exercerá a representación institucional das organizacións destes ante a Administración do Estado ou outras entidades e organismos de carácter estatal.

Artigo 6.

1. O Consello estará integrado polo presidente, un secretario e ata 12 vocais en representación das asociacións de consumidores e usuarios de ámbito estatal.

2. Sobre a base da proposta do Consello avallada polas dúas terceiras partes dos vocais, o titular do Ministerio de Sanidade e Consumo designará, de entre persoas de recoñecido prestixio en defensa dos consumidores, o presidente do Consello. No caso de non se alcanza-la dita maioría, asumirá a presidencia transitoriamente o director do Instituto Nacional do Consumo.

3. Actuará como vicepresidente un vocal elixido por e de entre os vocais do Consello, requiríndose alomenos a maioría absoluta.

4. Será secretario do Consello un funcionario do Instituto Nacional do Consumo designado polo presidente do dito Instituto.

Artigo 7.

1. O titular do Ministerio de Sanidade e Consumo, por proposta do presidente do Instituto Nacional do Consumo, nomeará un vocal designado por cada unha das asociacións e cooperativas de consumidores e usuarios, ou das súas federacións, confederacións e unións de ámbito estatal e inscritas no libro rexistro do dito ministerio máis representativas, valorando para o efecto o número de socios que agrupan, as actividades desenvolvidas e os recursos empregados e a súa implantación territorial, así como a súa participación nos consellos territoriais, no Sistema Arbitral de Consumo e nos órganos de representación de consumidores de ámbito supranacional, tendo en conta o modelo asociativo de cada organización.

2. Mediante orde ministerial realizarase convocatoria pública para seleccionar, polo procedemento que se determine e sobre a base dos requisitos do punto 1 deste artigo, as asociacións e cooperativas máis representativas que formarán parte do Consello. A solicitude dunha federación, confederación ou unión exclúe a das organizacións asociadas.

3. Ó Consello de Consumidores e Usuarios incorporarase, con carácter permanente, con voz pero sen voto, un membro do Comité de Asuntos Territoriais regulado no artigo 9, para facilita-la adecuada coordinación entre ámbolos órganos.

Artigo 8.

Unha vez determinadas, conforme o disposto no artigo precedente, cada unha das organizacións que cumplan os requisitos para integra-lo Consello

de Consumidores e Usuarios, estas designarán o seu candidato e un suplente, os cales serán nomeados polo titular do Ministerio de Sanidade e Consumo, por proposta do presidente do Instituto Nacional do Consumo. O dito nomeamento publicárase no "Boletín Oficial del Estado".

Artigo 9.

1. O Consello reunirase en sesión ordinaria mensualmente, e en sesión extraordinaria por iniciativa do seu presidente ou cando o solicite, alomenos, un tercio dos seus membros.

2. No seo do Consello e dependendo del constituiranse dous comités:

a) O Comité de Asuntos Territoriais, como canle de diálogo e cooperación cos consellos equivalentes de ámbito autonómico e local.

b) O Comité de Asuntos Europeos e Internacionais, para o tratamento da política europea e internacional de defensa dos consumidores.

3. O Comité de Asuntos Territoriais terá unha composición mixta e paritaria, cun número máximo de 24 membros. Doce corresponderanlles ós vocais do Consello; dez ós consellos autonómicos, e dous ós locais. Os representantes dos consellos autonómicos elixiranse mediante o procedemento que se acorde na Conferencia Sectorial de Consumo, e os correspondentes ós consellos locais, pola asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación, entre os asignados a asociacións de consumidores. As súas reunións serán presididas polo presidente do Consello ou, mediante delegación, polo vicepresidente.

4. O Comité de Asuntos Europeos e Internacionais terá a composición establecida polo Consello e o seu presidente será o representante do dito Consello no Comité de Consumidores da Unión Europea.

5. O Consello poderá constituír, con carácter permanente ou para cuestións específicas, grupos de traballo. Os grupos estarán presididos por un membro do Consello designado polo presidente. A secretaría dos comités e grupos de traballo exerceráa o secretario do Consello ou, por delegación, un funcionario do Instituto Nacional do Consumo. Poderanse convocar expertos seleccionados por razón da materia que se vai tratar e representantes de colectivos especialmente vulnerables.

6. Sen prexuízo das actividades que programe o Consello para a cooperación e coordinación entre asociacións de consumidores, o Consello convocará periodicamente un congreso de consumo.

Artigo 10.

1. Os membros do Consello de Consumidores e Usuarios poderán presentar tantas candidaturas para os órganos, institucións ou organismos coma postos teña asignado o propio Consello.

2. O inicio de cada mandato, procederase a actualizala dita representación exterior do Consello de Consumidores e Usuarios. No caso de se formularen varias propostas para o mesmo posto de representación, a determinación de quen a exercerá levarase a cabo tendo en conta, no seu conxunto e só unha vez por organización, a prioridade que resulte de aplica-los criterios a que se refire o artigo 7.1.

3. Para facilitar unha ampla participación, no resto de supostos, a representación asignarase mediante votación aprobatoria. Cada vocal votará a tódolos candidatos que considere aceptables segundo a súa idoneidade e dispoñibilidade, selec-

cionándose unha lista cos que alcancen o apoio dun mínimo dun tercio do número total de vocais, ordenados segundo os votos obtidos. A asignación definitiva realizarase por períodos de 12 meses e segundo a orde resultante.

4. Formulada a proposta nos termos a que se refiren os puntos anteriores, correspóndelle ó titular do Ministerio de Sanidade e Consumo proceder á súa oportuna tramitación.

5. A designación para representa-lo Consello noutros órganos leva implícita, para quen a exerza, a obriga de manter informado o Consello dos traballos que se realicen e a de solicita-la súa opinión previa.

Artigo 11.

1. O mandato dos membros do Consello será de catro anos a partir da data da publicación dos seus respectivos nomeamentos no "Boletín Oficial del Estado". Non obstante, continuarán desempeñando as súas funcións ata a toma de posesión dos novos membros que teñan que os substituír. O mandato será renovable por períodos de igual duración.

2. Tódalas designacións realizadas para integra-los comités, grupos de traballo e a presenza exterior do Consello de Consumidores e Usuarios conclúen co mandato dos membros do dito Consello.

Artigo 12.

No non previsto neste real decreto, o Consello de Consumidores e Usuarios rexerese polas súas propias normas de funcionamento e, en todo caso, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13.

1. O Consello de Consumidores e Usuarios deberá ser consultado no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral que afecten directamente os consumidores e usuarios, de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, salvo que as asociacións de consumidores e usuarios que estean inscritas no libro rexistro se encontren representadas nos órganos colexiados que participen na elaboración de tales disposicións.

2. Tamén lle corresponden ó Consello as seguintes funcións:

a) Propoñer representantes noutros órganos, institucións ou organismos.

b) Formular cantas propostas sexan consideradas de interese en materia de defensa dos dereitos dos consumidores e asesora-los órganos das administracións públicas con competencia en materia de consumo.

c) Solicitar información das administracións públicas competentes sobre materias de interese xeral ou sectorial que afecten os consumidores e usuarios.

d) Cantas funcións lle sexan asignadas por outras disposicións.

Artigo 14.

1. O Consello elaborará tódolos anos un informe-memoria sobre o desenvolvemento das súas actividades, así como sobre o relativo á política global en materia de consumo, no que, ademais,

se recollerán as suxestións do dito órgano no ámbito da súa competencia.

2. Os órganos das administracións públicas dos que a actuación afecte os intereses dos consumidores e usuarios poderán solicitar do Consello de Consumidores e Usuarios a asistencia ás súas reunións, co obxecto de informar sobre asuntos de interese xeral ou sectorial en materia de consumo, así como solicitar informe sobre asuntos do seu interese. A dita solicitude será dirixida á secretaría do Consello.

Artigo 15.

O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través do Instituto Nacional do Consumo, proverá o Consello dos medios necesarios para o cumprimento das súas funcións.

Para tales efectos:

a) O Instituto Nacional do Consumo procederá anualmente ó libramento dos créditos necesarios para atender os gastos de funcionamento do Consello, con cargo ó seu propio orzamento, sen que iso implique incremento do gasto.

b) Así mesmo, o Ministerio de Sanidade e Consumo dictará as normas precisas para que o Instituto Nacional do Consumo lle preste ó Consello os apoios técnicos, administrativos e loxísticos que aquel necesitase para o cumprimento das súas funcións específicas.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio de representación dos consumidores*

Mentres non se proceda á constitución do Consello de Consumidores e Usuarios conforme o previsto neste real decreto, continuarán en funcións os órganos existentes actualmente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

